CONCELLO DE BERGONDO (A CORUÑA)

ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DE 1 DE DECEMBRO DE 2010.

No salón de sesións da Casa do Concello de Bergondo, a un de decembro de dous mil dez, sendo as vinte horas e trinta minutos, ten lugar a sesión extraordinaria do Pleno municipal, presidida pola alcaldesa, D.ª Alejandra Pérez Máquez, do grupo socialista, con asistencia dos/as señores/as concelleiros/as:

Grupo do Partido Socialista:
D. José M. Francisco Mata Buyo
D. Jesús Vázquez García
D. Francisco Javier Santos Maseda
D.ª M.ª Begoña Calviño Dorado
D. Domingo Fuentes Rocha

Grupo municipal do Partido Popular:
D.ª Silvia María Vázquez Cardelle
D. José Luis Dans Medín
D. Miguel Angel Naveira Campelo

Grupo municipal Veciños de Bergondo:
D. Francisco Manuel Fafián Torreiro
D.ª María del Loreto Caseiras Arroyo

Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego:
D. Manuel Parga Fernández
D. Antón Sánchez García

Así mesmo asiste:
A secretaria accidental: Aurelia M.ª Basanta García

ORDE DO DÍA

ORZAMENTO MUNICIPAL ANO 2011.ADOPCIÓN DE ACORDO QUE PROCEDA.

Dáse conta ós/ás asistentes a proposta de Alcaldía, ditaminada favorablemente pola Comisión informativa de asuntos do Pleno, que transcrita literalmente di:
"Formado o Orzamento municipal para o exercicio de 2011 pola señora alcaldesa deste concello, ó que se lle une a documentación que preceptúa o art. 168 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e realizada a tramitación segundo o sinalado na lexislación vixente nesta materia (arts. 162 a 171 do citado texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e 18 a 20 do R.D. 500/1990 de 20 de abril) e visto o informe emitido pola Intervención, proponse a adopción do seguinte acordo:

1. *Aprobar inicialmente o orzamento desta Entidade para o exercicio de 2011, sendo a contía fixada, tanto en GASTOS como en INGRESOS, un total de CINCO MILLÓNS QUINIENTOS TRINTA E CATRO MIL OITOCENTOS SETENTA E DOUS CON NOVENTA E TRES EUROS, asignando a cada un dos capítulos as seguintes cantidades:*

ESTADO DE GASTOS		
Capítulos	**Denominación**	**Euros**
	A) Operacións Correntes	
1	Gastos de persoal	1.912.644,36
2	Gastos en bens correntes e de servicios	2.494.380,21
3	Gastos financeiros	25.000,00
4	Transferencias correntes	225.500,00
	B) Operacións de Capital	
6	Investimentos reais	739.285,38
7	Transferencias de capital	0,00
8	Activos financeiros	22.000,00
9	Pasivos financeiros	116.062,98
	SUMA TOTAL GASTOS	**5.534.872,93**
ESTADO DE INGRESOS		
Capítulos	**Denominación**	**Euros**
	A) Operacións Correntes	
1	Impostos directos	2.096.000,00
2	Impostos indirectos	100.000,00
3	Taxas e outros ingresos	968.246,51
4	Transferencias correntes	1.861.200,00
5	Ingresos patrimoniais	48.493,03
	B) Operacións de Capital	
6	Alleamento de investimentos reais	0,00
7	Transferencias de capital	438.933,39
8	Activos financeiros	22.000,00
9	Pasivos financeiros	0,00
	SUMA TOTAL INGRESOS	**5.534.872,93**

2. *Aprobar, igualmente, as bases de execución do devandito orzamento.*
3. *Aproba-la plantilla de persoal funcionario e laboral segundo consta no expediente.*
4. *Que se expoña ó público polo prazo de quince días hábiles, para os efectos de reclamacións, conforme ó preceptuado no art. 169.1 da citada lei.*
5. *Que no suposto de non se presentaren reclamacións contra o mesmo, considerarase definitivamente aprobado, debendo cumprirse o trámite da súa publicación, resumido por capítulos, no BOP, xunto coa plantilla de persoal, segundo dispoñen os artígos 127 do RDL 781/1986, de 18 de abril, e 169.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais; noutro caso procederase de acordo co prevenido no número 1 deste último artigo.*
6. *Que de conformidade co número 4 do mesmo precepto legal, remítase copia do referido Orzamento á Administración do Estado, e á da Comunidade Autónoma.*

O Pleno decidirá o que estime máis conveniente.

Bergondo, 22 de novembro de 2010.=A alcaldesa=Asdo.: Alejandra Pérez Máquez"

A continuación toma a palabra a Sra. alcaldesa e manifesta: neste ano fixemos uns orzamentos austeros, axustados á realidade. Os ingresos non se incrementan senón que incluso diminúen en, aproximadamente, 200.000 euros; teremos que buscar fontes de financiamento acudindo a diferentes subvencións, buscando convenios tanto coa Administración Provincial como coa Autonómica, pero xa temos que recoñecer por adiantado que tampouco vai ser fácil para ningunha delas.
O concello dispón de remanente, dispón dunha boa situación financeira, no caso de que tiveramos que facer fronte a algunha obra que ó día de hoxe é imprevista e se tivese que facer algún suplemento, se podería acometer sen ningún problema; un caso pode ser o tema das expropiacións ás que podan dar lugar os colectores e a EDAR de Gandarío.
A partida de gasto corrente, que é a que mais pode chamar a atención, que supón un 44,89 % do Orzamento non se incrementa moito con respecto ó ano anterior, xa que son, aproximadamente, 150.000 euros, pasa de ser un 40,87 % a un 44,89 pola diminución dos ingresos, xa que de 5.720.000 estamos en 5.534.000 €, non é que se dispare o Capitulo do gasto corrente, senón todo o contrario, mantense bastante ben. Ademais, neste Capitulo estamos contemplando partidas que non podemos diminuír con respecto a anos anteriores; son partidas que están comprometidas con contratos adxudicados, como poden ser as actividades culturais e deportivas, as actividades de servizos sociais, o servizo de limpeza, a axuda á dependencia, a concesión da auga, a concesión da gardería, e dicir, que son partidas inamovibles.
Non minoramos tampouco ningunha partida ningunha partida referida a educación, a emprego ou a servizos sociais, seguemos apostando polo programa de emprego municipal para familias mais necesitadas ou que están en situacións urxentes, ese programa que temos de medias xornadas, polo tanto, desde esta Administración local estamos facendo políticas de emprego e iso supón ó concello uns 35.000 € ó ano.
En dependencia, no Servizo de Axuda no Fogar o concello vai gastar aproximadamente 500.000 €, porque se ó contrato de dependencia coa empresa lle engadimos o capítulo dos gastos de persoal referido ó persoal municipal, estamos aproximadamente nesa cantidade.
Non rebaixamos as cantidades destinadas a becas, para libros, material escolar, transporte, apertura de centros fóra do horario escolar, axudas ó transporte para actividades e saídas extraescolares.
No Pleno da semana pasada, no que aprobamos o POS, quedou constancia de que o destinabamos todo a inversións, habendo a posibilidade de que fora o 50% a gasto corrente. Aínda así este Capítulo sexto só é 13,36%, pero, como fan o resto das Administracións, o que queremos é dar prioridade ó benestar dos veciños, e se hai que agardar por unha obra pois agardaremos por unha subvención o por un convenio. Iso non quere dicir que non se amañen camiños ou escolas, etc., iso son reparacións e conservacións e iso vai no Capítulo de gastos.
Seguimos insistindo que o esforzo nos investimentos, neste caso de Servizos Sociais, acadan un 20% do Capítulo de gasto corrente, se sumamos todas as partidas referidas a ese servizo.
Hai partidas que son importantes, como son a do gasto da iluminación, que se ven incrementadas con respecto ó Orzamento anterior, pero estamos tomando xa diferentes medidas de aforro enerxético como son os novos proxectos, a revisión de todos os contratos e tamén os cambios que vai facer a Deputación co programa PEACE, nestes dous próximos meses a factura da enerxía eléctrica verase diminuída con respecto ó ano pasado, polo que contamos que esas cantidades sexan suficientes.
Por último destacar que no caso de que se así o deciden vostede, seremos un dos primeiros concellos en aprobar o Orzamento para que así, despois dos trámites correspondentes, poidan entrar en vigor no mes de xaneiro.

A continuación toma a palabra a Sra. voceira do PP, Silvia M.ª Vázquez Cardelle e di: encontrámonos cuns presupostos que ano tras ano se repiten, coa diferenza de que este ano pasamos no Capítulo de inversións de 1.059.000 €, que tiñamos para o exercicio 2010, a 739.000 que é a cantidade que o Concello de Bergondo ten en presupostos para investir no exercicio 2011.

En canto ó Capítulo de Gastos, destacaríamos a iluminación pública, 172.000 €, se botamos man da documentación deste exercicio e de anteriores, vemos que se dotou a partida con 120.000 € e que fai escasos meses dotouse cun suplemento de crédito doutros 120.000 €, como entendemos, entón, que este ano foron necesarios 240.000 € e vostede, Sra. alcaldesa, a dote para o ano 2011 de so 172.000 €, e non me diga que mediante o plan de aforro enerxético porque aínda que se fagan as obras de Carrio e de Mesoiro, sabe que iso non vai estar feito nos primeiros meses do ano, e estamos a falar de dúas ou tres zonas non de todo o concello. Polo que a lóxica dime que non vai volver a chegar a partida e imos ter que dotala de Suplemento de crédito. Tamén gustaríanos que nos dixese cantos puntos de luz temos no concello e cantos van ser cambiados para que se produza un descenso de 70.000 € respecto do 2010, o que viría sendo un 30% de descenso no consumo anual.
O mesmo sucede coa enerxía dos edificios administrativos, o ano pasado a dota de 70.000 €, a suplementa fai uns meses con 80.000 mais, e aínda así só contempla 80.000 € para o 2011, ¿como vai aforrar eses 70.000 €?, ¿lámpadas de baixo consumo, non vai acender as luces?, ¿ten algún estudo doutra compañía que nos asegure que este consumo vaise reducir en 70.000 €?. Ou ten en mente dotar a esta partida cun Suplemento de crédito en abril. Porque segundo os nosos cálculos se temos que suplementar para as expropiacións de Gandarío, para o consumo eléctrico, para transferencias correntes como pode ser a do APA para a viaxe deste ano a Nova York, que aínda non temos moi claro esta viaxe por falta de transparencia, ou para o Plan de pequenas infraestruturas que só dispoñemos de 60.000 € fronte ós 276.000 € do ano 2010, suplemento incluído. Pois, Sra. alcaldesa, o Remanente acábase e atoparémonos en xuño con que as arcas municipais non teñen un duro, e, o peor, que as necesidades básicas do concello están por cubrir.
En canto a camiños veciñais, tamén recortamos 10.000 €, en maquinaria, que o ano pasado tiñamos 8.000 e non foi suficiente, que mediante Suplemento de crédito dotamos de 5.000 euros mais, o que fan un total de 13.000, este ano dótaa de 4.000 euros menos que a partida inicial do 2010, polo que gustaríanos que nos explique como vai intentar que sexa suficiente esta partida cando nos encontramos cunha maquinaria antiga que non se renova.
En relación coa seguridade cidadá, en vestiario pasamos dunha partida de 8.000 a 3.000, ou partida estaba inflada outros anos e non eran necesarios tantos cartos; o mesmo ocorre con Protección Civil que pasamos de 4.000 euro a 1.000.
Por outra parte, en relación co Polígono de Bergondo, todos os anos se destina unha importante cantidade para a Feira de empresarios do Polígono de Bergondo, así como o acceso á Fonte da Virtude arredor de 120.000 euros, algo que nos parece innecesario actualmente xa que se vai desenvolver un Plan Sectorial nesa zona.
O que queremos dicir é que se con uns presupostos se rebaixan na súa capacidade de inversión, porque non hai ingresos, o lóxico é que actuemos con austeridade e nos axustemos ás materias e competencias que nos corresponden, porque os únicos prexudicados son os veciños.
O gasto corrente representa case un 80%, pero hai que ter en conta que é unha previsión que non se acerca á realidade, como explicamos con anterioridade, porque o consumo en iluminación e en enerxía da Administración non é real, baseándonos en anos anteriores, onde o Suplemento de Crédito a estado tan presente, se este ano 2010 vimos suplementando arredor dun 30%, situámonos nun 110% de gasto corrente, ¿como vai cadrar estas cifras?.
Respecto ó Capítulo de Inversións, a actuación mais importante que se tería que executar no próximo ano, sería a depuradora de Gandarío; depuradora que no seu momento, cando a Xunta reclamou os terreos ó concello, para comezar as actuacións, foi incapaz de iniciar os expedientes para as expropiacións a tempo, e, por iso, perdeuse a subvención de 3 millóns de euros que a Xunta tiña comprometidos para Bergondo; para o 2010 dotábase unha partida de 112.000 euros, pero en cambio para os presupostos do 2011 non aparece reflectida por ningún lado, gustaríanos que nos dixera que vai pasar, se realmente é o concello o que ten que asumir o pago das expropiacións, ou se é que a Xunta comprometeuse a pagalos, ¿que lles vai dicir ós veciños de Bergondo?, quérolle recordar que isto é unha

promesa que levaron no seu programa electoral no ano 1999-2003; ó día de hoxe, por moito tubos que se poñan iso non vale de nada se non hai unha depuradora, vólvolle a repetir, a obra mais importante para o 2011 non aparece reflectida no Capitulo de Inversións.
Xa sabemos que a súa política é a de Suplemento de crédito, o a finais de ano os presupostos son un mero trámite que hai que facer, e que vostede se salta por falta de planificación, xestión e capacidade para desenvolver unha política adaptada a uns presupostos reais.
Outras partidas significativas, adquisición de mobiliario de Cultura 20.000 €, para o 2010 xa había unha partida de 15.500, gustaríanos tamén que nos puidera explicar se é que non se inverteu esa cantidade en mobiliario no presente exercicio ou é que estamos montando o salón do moble na Casa da Cultura e descoñecémolo.
Adquisición de equipamento para polideportivos 18.000 €, tamén a mesma cantidade para o 2011, queremos saber en que se van a investir.
Adquisición de equipos informáticos 5.000 €, a mesma cantidade que no 2010, quero matizar que no edificio de A Senra hai quince equipos dos que once aportounos a Deputación mediante un convenio, e os catro restantes foron adquiridos polo concello, ¿son necesarios mais equipos informáticos?, ¿é tanta a afluencia de xente que vai á Senra quen non son suficientes e hai que dotar esta partida de 5.000 €?.
Deduzo que o ano pasado non se fixeron estas inversións ou ben que dun ano para outro copiamos as mesmas partidas e non pensamos noutras que deberían estar dotadas, ou mellor dotadas.
En definitiva, o Orzamento resúmese en dúas inversións fundamentais e contempladas en presupostos, as que subvencionará en gran parte a Deputación, o POS e o PCC-2011, e ve diminuída a súa capacidade de inversión en algo mais dun 40%, polo tanto Bergondo non vai poder darlle un Centro de día ós seus maiores, non vai poder ampliar a gardería para atender ós nosos fillos, non imos poder ter un campo de fútbol propiedade deste concello para a nosa xuventude, non imos poder ter unha seguridade viaria adaptada ás necesidades do noso concello, e non imos ter un cemiterio municipal para dar solución ás peticións dos nosos veciños, porque hai cousas que non poden esperar a que teñamos un Plan Xeral; un Plan Xeral que cando tiña a maioría absoluta foron incapaces de executar, a pesares das súas promesas de levalo a cabo. Isto non é algo que queira o Partido Popular, é algo que reclaman os veciños de Bergondo e que vostedes levaron no seu programa electoral e non cumpriron, e o tempo acabase, e o equipo de goberno que se sente aquí en maio vai pagar as consecuencias dunha mala xestión por parte do seu equipo.
Remato dicindo que o grupo do Partido Popular non apoia este Orzamento, hai presupostos que poden ser mellorables en moitos dos seus puntos, dependendo do equipo que estea á fronte, ou incluso hai presupostos que poden ser discutibles, pero neste caso atopámonos ante uns que son un despropósito e como ó final vostede fai e desfai á súa maneira, como se tivera a maioría absoluta, e como, finalmente, o que se aproba aquí non ten nada que ver co que ó final de ano hai, pois o Partido Popular vai votar en contra.

Sra. alcaldesa: estou de acordo con vostede de que a obra mais importante que pode ter este concello é a depuradora e os colectores de Gandarío, que, por certo, non está recollida no apartado de investimentos do Orzamento da Xunta para o ano 2011; se o anteproxecto chegou a este concello hai unha semana, e con todo trámite administrativo que conlevan as expropiacións, incluso a adxudicación e execución da obra, poida estar en funcionamento o ano que ven, e dicir, igual que a Xunta non o tivo previsto nos seus orzamentos, o concello tampouco o ten porque ter previsto agora, porque descoñecemos os tempos.
Non se perdeu ningunha subvención, como vostede di, porque, ó contrario, nós estamos contentos da labor que está levando a cabo a Xunta porque o anteproxecto está aquí para estudo, tanto dos grupos da oposición como de calquera veciño.
Di vostede que o gasto corrente é o 80%, repítolle que é o 44,89%, as cifras están aí. Algunhas das partidas coas que vostede discrepa, como poder ser as do vestiario de Protección Civil como da Policía

Local, recórdolle que o ano pasado houbo un cambio total no da Policía Local que este ano non é necesario; no de Protección Civil pasa o mesmo, hai anos nos que hai que facer unha inversión maior, pero o ano seguinte non. Igual que para o resto de empregados municipais que así esta estipulado no Convenio.
Xa dixemos varias veces que temos unha maquinaria vella, que estamos en proceso de renovación, incluso con algún Convenio coa Deputación.
Citou vostede tamén a viaxe da APA a Nova York, lle recordo que foron todos os grupos os que cuestionaron esa viaxe, por iso este ano non está previsto, respecto á falta de transparencia lle podo dicir que no ultimo consello escolar realizado no colexio non estaba decidido que isto fora a ter lugar.
As obras no Polígono, cuestiona vostede incluso unha obra que se vai a executar, como é a defensa dos taludes na zona da fonte da virtude, pois é tan necesaria como que o outro día, por culpa das choivas, caeu parte da terra enriba dunha nave; é unha obra prioritaria, aínda que a Consellería de Industria non o considerou así e decidiu non incluíla nas subvencións de Parques Empresariais.
Con respecto ó Anexo de inversións, os equipos informáticos son suficientes nas aulas de informática que ten o concello, esta partida non esta adscrita a mobiliario de Cultura; son os equipos informáticos das oficinas do concello, sempre está prevista unha estimación porque pode haber un equipo que falle e se teña que cambiar.
En relación á adquisición de mobiliario Cultura, adquisición equipamentos polideportivos, ve vostede que eses son recursos afectados, e dicir, son as subvencións que todos os anos quita a Deputación da Coruña para equipamentos cultural ou deportivo exclusivamente, esa é unha estimación, se non hai subvención non se poderá seguir dotando de eses equipamentos.
Por suposto que as obras mais importantes son do POS e do PCC, que van ser das poucas obras que se fagan no concello, pois coméntolle algo que se falou o outro día aquí, *para o goberno do PP o gasto esencial e a prioridade é o das Consellerías que executan o gasto social, como son educación, sanidade e traballo social, que só baixan no seu orzamento un 5,5% de media, nas restantes a caída é dun 24,7%, polo tanto, os orzamentos da Xunta son uns realistas e austeros adaptados á realidade social,* e dicir, o mesmo que os orzamentos do Concello de Bergondo, igual que a Xunta se ve na obrigatoriedade de reducir as inversións para priorizar as consellerías de Servizos Sociais, Emprego e Sanidade, pois este concello tamén o está a facer.
Insisten vostedes no da mala xestión, eu incluso lle podo dar o dato de que no ultimo informe da Deputación a última frase que pon é *en hora boa pola súa xestión*, é un informe público, cando queiran llo pasamos; o único que nos din é que teñamos coidado co gasto corrente que nos estamos disparando un pouco, algo que xa sabemos.
Con todo isto, aínda non me dixo de onde quería rebaixar vostede, porque hai varias partidas nas que incluso nós poderíamos cuestionar que son bastante altas e outras que están presupostadas moi xustas. ¿que rebaixan vostedes?, ¿que outras partidas? sabendo que esta é unha proposta que, loxicamente, ten que facer a Alcaldía; porque non é un ano de aumentar os impostos, se fose outro poderíamos estar a debater un aumento da presión fiscal.
Sra. voceira do PP: pois como vostedes son os que están gobernando, son os que teñen que dar as solucións; nós estamos aquí para rebater estes presupostos que non están adaptados ás necesidades de Bergondo, onde as obras importantes non están contempladas.
Sra. alcaldesa: eu lle repito que as obras importantes si están contempladas, e si están moi adaptados ás necesidades, ó día de hoxe, do Concello de Bergondo.

Seguidamente toma a palabra o Sr. voceiro de Veciños de Bergondo, Francisco Manuel Fafián Torreiro e di: nós imos ser mais breves; tivemos todo o ano para traballar, e agora veñen os presupostos de cara ó ano 2011, no que hai que ser valentes e afrontar o que esta por chegar. Seguimos co discurso monográfico de todos os anos; non estamos de acordo como seguen incrementándose os gastos de

persoal, cremos que coa RPT algo disto debe mellorar, non podemos ter case dous millóns de euros en gastos de persoal nun concello de case sete mil habitantes.
Estamos bastante preocupados, como sempre desde que estamos de concelleiros, cos gastos en bens correntes; eu aquí lle suxerín varias veces que fixera unha reflexión de que se puidera optimizar algo, seguro que algún dos recursos que estamos invertendo aquí se pode mellorar, non é normal que incrementemos ata case en dous millóns e medio de euros os gastos; ademais, como dixo vostede os ingresos diminúen, o que redunda que este ano vostede nos propón un Orzamento cun 9% menos en inversións, pasamos do vinte e tantos a un trece, mais o menos. O que é certo é que soamente cos 500.000 euros que imos gastar no contrato de dependencia, soamente con mirar o que temos arredor, como están algúns concellos, como Miño ou Betanzos que non teñen case para pagar as nóminas; polo que debemos facer unha reflexión, se a xente de Bergondo, incluso da Comunidade, está a pasalo mal, nós temos que ser austeros, e estes presupostos aínda que non nos convencen si cremos que debemos aprobalos, cremos que agora as inversións que se fagan non teñen que ser porque veñen as eleccións, como se facía outros anos. Cremos que as inversións que se van facer a partir de agora debemos de medilas e deben chegar a toda a poboacións, a xente non quere grandes estradas nin grandes infraestruturas, quere traballar e vivir o mais adecuadamente posible.
Unha cousa que quero resaltar, alégrome de que algún grupo quitara o tema dos impostos, porque durante estes tres anos que levamos de concelleiros había un monográfico acerca de subir os valores catastrais, polo que alégrame que o tema dos impostos non se toque, porque unha cousa é que non teñamos ingresos para facer un montón de cousas e outra cousa é subir os impostos ás familias tal e como estamos.
Sra. alcaldesa: con respecto á partida de gastos de persoal, non aumenta con respecto ó ano pasado, entre outras cousas porque non o permitía o Real Decreto, de feito baixa de 2.031.000 a 1.900.000, pola redución imposta. Algunha das partidas si estou de acordo que se regularizarán coa RPT, que seguramente pronto traeremos a Pleno.
A inversión non pasa tampouco dun 20% a un 13%, o ano pasado era un 18,53%, pero contabamos coas obras do Fondo Estatal, que foron un impulso moi importante para todos os concellos, este anos non teremos ningún Plan Estatal nese senso, pero quizás desde a Xunta se acaba facendo algún Plan neste senso.
Non pretendemos facer, se iso é o quixo dicir, facer inversións antes das eleccións, son as que están, o que non quere dicir que non se vaian amañar os camiños, porque esas son cantidades que van incluídas no Capítulo II do gasto corrente. ¿Que hai que optimizar os recursos?, iso é algo que vostede repite un e outro ano, pero si está no ánimo desta Corporación facelo.
Creo que é un discutible o das carreteras se son necesidades da xente, eu penso que si tamén son, pero tamén penso que á día de hoxe son as relativas ó tema social e de emprego, que é no que estamos incidindo neste Orzamento.

A continuación toma a palabra o Sr. voceiro do BNG, Manuel Parga Fernández e di: nós como somos os últimos temos, por un lado, a desvantaxe de que xa os compañeiros falaron de moitos temas que queriamos tocar nós, pero tamén temos a vantaxe de que sabemos o que os outros pensan. No tema das grandes cifras, teño presente os presupostos anteriores e do 2009 a 2010 o gasto corrente subira un 22%, agora do 2010 ó 2011 sube o 10% o cal suma un 32%, tendo en conta que o actual baixa en cifras totais, lastra a capacidade de inversión, é evidente. Tamén se ve reducida a inversión porque as transferencias do Estado, da Xunta e da Deputación baixan, non na mesma proporción que sube o gasto corrente, pero baixan; chegamos así a que as transferencias correntes baixan desde o ano 2010 ó 2011 nun 35%; aínda que esta cifra parécenos moi alta, hai que ter en conta que unha parte dese ingreso vai agora en lugar de transferencias de capital, que era inversión, a transferencias correntes, sen embargo podería haberse dedicado igual a inversión.

Quero puntualizar algunhas cousa; hai un informe da Intervención no que se fai unha puntualización en relación ós postos de traballo de persoal laboral que creo que é importante, fala do persoal temporal á quen se lle renova o contrato cada ano; esta é unha práctica incorrecta, se ese posto de traballo está xustificado o que haberá que crear é a praza dese posto.
Por outra parte, e son cousas puntuais, hai un gasto moi importante de 760.000 € que se lle pagan a Aquagest polo contrato de abastecemento e saneamento de auga, e soamente se recadan pouco mais de catrocentos mil, co cal hai un déficit de trescentos e pico mil euros nesas partidas; ese déficit víñase xustificando en base a gastos de saneamento, das depuradoras, pero iso nalgún momento haberá que solventalo, estamos a falar de trescentos e pico mil euros. Se a Xunta se fai cargo das depuradoras, ou pola taxa de uso saneamento, eses gastos tamén poderíamos dedicalos a inversións.
Por outra parte, xa falaron os compañeiros tamén do gasto en iluminación, nós vemos aquí unhas partidas de reparacións nas escolas unitarias que é igual que a do ano pasado, 5.000 €, pero este ano estamos xa en mais de 14.000 € , polo que nos propoñemos que esa cantidade se aumente polo menos en 5.000 € mais.
Tamén queremos resaltar que nas subvencións nominativas hai 17.000 € que se veñen destinando en todos os presupostos para a APA "As Mariñas", neste momento hai dúas APAS e outra constituíndose, o sexa, que pode haber tres, por iso destinar unha cantidade so a unha APS non parece xusto. Por outra parte, nós tamén propoñemos que se inclúa unha cantidade, que non fai falta que sexa moi grande, para o que xa se propuxo de facer un campo de fútbol propiedade do concello; esta primeira cantidade sería para facer un estudo técnico e iniciar os trámites necesarios.
Por último, moitos dos argumentos que tiñamos xa foron expostos polos compañeiros; o noso voto vai ser en contra, porque estamos sempre falando de Suplemento de Crédito. No informe da Deputación que vostede citou, o noso Remanente de Tesourería é o mais alto de todos os concellos, son case dous millóns e medio de euros, dun presuposto de cinco millóns e medio case é un 50%.
Sra. alcaldesa: en relación coas prazas de laborais temporais, como se indica no informe de Intervención, é a nosa intención ir dotando esas prazas e facelas fixas por iso estamos no proceso de elaboración dunha RPT porque será ese documento o que nos diga se esas prazas deber ser de funcionarios ou laborais. Por iso tampouco non se quitou ningunha oferta de emprego ultimamente, o único dese temporal que se ten que facer un novo contrato todos os anos, cousa que non é lóxica, pero menos sería se encima non se fixera ese trámite de renovación todos os anos.
Con respecto ó gasto de Aquagest, lle falta a vostede un dato, porque ten que sumar a taxa do servizo da auga e tamén a do alcantarillado, ó final a diferenza está na depuradora, que é o único que está asumindo o concello, son 760.000 €. Xa o dixemos aquí moitas veces, o gasto da depuración teñen que asumila os veciños, pero estabamos esperando á Lei de Augas que acaba de ser publicada recentemente, para saber os trámites que temos que realizar neste caso.
Cuestiona vostede a partida 212, de reparación das escolas unitarias, esa partida se consume de sobra porque o resto das pequenas reparacións que se fan van case sempre con cargo a gastos xenéricos, porque son obras que realiza o persoal do concello. Cando son obras que se encargan a empresas exteriores si vai con cargo a esa partida.
Fala vostede tamén da subvención da APA "As Mariñas", é a que estaba funcionando neste concello, a outra que ó día de hoxe está constituída xa leva algún tipo de axuda, como que o concello esta pagando o transporte escolar das actividades; se verá se nalgún momento se decide un Convenio por ambas partes e poder establecer así unha subvención nominativa, senón, en todo caso, poderán concorrer ás subvencións que quita o concello na súa convocatoria anual.
Con respecto ó campo de fútbol, non é necesario dotar unha partida específica para un estudo técnico, porque xa hai unha para traballos técnicos, en gasto corrente.
O Fondo de Cooperación Local, pasouse do Capítulo sétimo, de transferencias ó Capitulo de transferencias correntes, é así porque no seu momento o Fondo de Cooperación Local era

exclusivamente para inversións, e cambiouse o destino dada a situación que estamos a pasar, para que se poidan financiar con eses cartos gastos correntes.
En canto o Remanente, algo que tamén se di nese informe da Deputación, incluso imos tranquilizar ó grupo do Partido Popular, o concello ten Remanente e o seguirá tendo no mes de Maio par que o próximo goberno poida facer uso del. O concello o ano pasado executou aproximadamente o 90% do Orzamento, porque así tiñan vostedes as cantidades e así se explicou no seu momento, cando se liquidou a Conta, neste ano vai ser a mesma situación; de feito o Remanente veu diminuíndo nestes últimos anos, e repito unha vez mais que podemos facer ese Suplemento porque temos ese Remanente. Non estamos de acordo, e tamén o dixemos varias veces, que un concello dispoña de Remanente cando hai necesidades dos veciños que hai que acometer, pero ó día de hoxe hai que recoñecer que nos ven moi ben ter un pouco de aforro.
Sr. voceiro do BNG: eu non discuto que a execución do Orzamento sexa alta ou adecuada, o que pasa que este Remanente levamos arrastrándoo todos os anos.
No tema de reparación das escolas, dicía vostede que se fan con outras partidas, pero esa partida concreta que tiña asinados 5.000 € está en catorce mil e pico.
Sra. alcaldesa: é moi variable, porque algún ano pode haber circunstancias especiais, como, por exemplo, ter que cambiar a instalación eléctrica nalgunha escola unitaria; iso é algo que non ocorre todos os anos; o ano que ven haberá que cambiar o tellado na Escola de Silvoso, pero seguramente o farán os traballadores municipais.
Sr. voceiro do BNG: outra partida que tamén queriamos que nos aclarase é a de gastos de protocolo, tanto na do ano 2010 como na prevista para o 2011, hai 15.000 €, pero á día de hoxe hai un gasto comprometido de 45.000 €; pasou de 15 a 45.
Sra. alcaldesa: nesa partida o único que vai é a comida do día do Encontro dos Maiores, non hai ningunha factura imputada de atención protocolaria do órgano de goberno, so a comida dos maiores que ten lugar en xullo.
Sr. voceiro do BNG: na execución do presuposto así esta.
Sra. alcaldesa: non hai ningunha outra cantidade que se meta aí, aclararémolo.

Seguidamente procedese á votación da proposta da Alcaldía, que tivo o seguinte resultado:
Grupo municipal Socialista: seis (6) votos a favor; Grupo municipal do Partido Popular: tres (3) votos en contra; Grupo municipal Veciños de Bergondo: dúas (2) abstencións; Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego: dous (2) votos en contra.
Total: seis (6) votos a favor, dúas (2) abstencións e cinco (5) en contra.

En consecuencia, a Sra. alcaldesa declara aprobada por maioría de votos a favor, a proposta antes transcrita.

E non existindo máis asuntos que tratar, ás vinte horas, remátase a sesión, de orde da alcaldesa, redactándose a presente acta da que eu, a secretaria accidental, dou fe.

A secretaria accidental

Aurelia M.ª Basanta García

V. e Pr.:
A alcaldesa

Alejandra Pérez Máquez